

A escritora ceense María Canosa estréase hoxe no programa da TVG “Cifras e Letras”

REDACCIÓN > CEE

■ A literata ceense toma hoxe a alternativa como novo rostro feminino do popular concurso televisivo á fronte do cal anteriormente estaba a dupla composta pola poetisa Iolanda Castiñeiro, que deixou o programa para centrarse máis na súa carreira, e o científico baiés Jorge Mira, que terá agora a Canosa como nova compañeira.

– Como se atopa vostede a escasas horas da súa estrea televisiva?

– A verdade é que moi nervosa, aínda que tamén moi ilusionada, porque é unha experiencia nova nun medio ate o de agora descoñecido para min e no que espero manter o listón tan alto como o deixou a miña compañeira e amiga, Iolanda.

– **Compañeira e amiga, unha conxugación difícil no eido profesional...**

– A verdade é que é así, e que todo o que diga de positivo e favorable de Iolanda quedase curto, porque dende bo principio me acolleu con total cariño e me brindou toda a axuda que precisai. De feito, eu digo que estou aquí para sucedela, non para substituíla, porque Iolanda é insustituíble: tanto como persoa como profesional.

– **Ao respecto do programa que vostede vai codirigir dende hoxe, cal pensa que é a clave do seu éxito para manterse tantos anos en antena e con tan boas cifras de seguimento?**

– Eu creo que todo se base na naturalidade. “Cifras e Letras” é un programa feito para que a xente, dun xeito divertido e sinxelo, se poida achegar ás matemáticas e ao galego sen que faga falla que sexa un programa que peque de academicista. Polo contrario, é



María Canosa

D.B.

un programa pensado para que todos poidamos pasar un bo rato e, de paso, ir incrementado, cada día un pouquiño máis, os nosos coñecementos en matemáticas e no galego, que é unha lingua tan rica en matices que sempre resulta abraiante e atraínte.

– **Por certo, falando de “Cifras e Letras”, levoulle moito tempo afacerse ao formato televisivo?**

– A televisión é un medio no que todo muda á velocidade dun lóstrego, e, nun principio, si que se pasa algo de medo, pero agora xa lle vou collendo o tranquilo e todo vai sendo máis fácil. De todos modos, agardo que a xente non sexa moi dura conmigo e saiba entender que aínda son unha novata, e que, por tanto, aínda teño moito camiño por diante por recorrer, pero agrado que o poidamos facer xuntos: os televidente e máis eu, nesta nova e excitante etapa de “Cifras e Letras”.

– **Algunha mensaxe para os televidentes de Cee e da Costa da Morte?**

– Si, que sigan sendo fideles á súa cita diaria con “Cifras e Letras” e que non me den moita “caña”, que sexan benevolentes e que me acollan con agarimo. Só iso.